

Práctica 5. Control de persianas

Descrición

Preténdese controlar as dúas saídas do actuador de persianas a través de pulsadores. A saída 1 do actuador de persianas controla un persiana normal e a saída 2 controla unha persiana de lamas (celosías). O control da persiana realizarase a través de pulsación curta e longa.

Dende outro pulsador usarase para subir e baixar as dúas persianas de maneira conxunta.

Realización

Buscar o actuador de persianas e inserilo no proxecto no cadro principal coa dirección física 1.1.4.

Configurar os parámetros do actuador de persianas para adecuarse aos requirimentos da práctica. Configurar os parámetros do pulsador.

Crear as direccións de grupo para o bo funcionamento do control das persianas. Hai que ter en conta que controlar as persianas implica a existencia dos comandos de pulsación longa (subir/baixar) e curta (paro/regular lamas). Polo que se debe parametrizar o comportamento das teclas e o do actuador para pulsación curta e longa. (Tamén se pode crear unha dirección de grupo para posicionar a persiana a unha determinada altura (1 byte), mais nesta práctica non é necesaria. Será necesaria na práctica de escenas).

Programar todos os aparatos e comprobar o funcionamento.

Comprobar na vista de aparatos o estado de programación dos dispositivos. Comparar a programación envorcada en cada aparato co programado no ETS. A programación ten distintas opcións: Direccións físicas (*Adr*), Aplicación (*Prg*), Parámetros (*Par*) e Direccións de grupo (*Grp*).

Actividades

- Pódense deter as persianas no medio do percorrido? Se non é así, ver por que e corrixir o funcionamento.
- Se a persiana fose de lamas, que parámetro se podería modificar para apreciar mellor o xiro das mesmas? Entrar nos parámetros e facer a modificación.
- Engadir as persianas á función central de apagado. De que tipo é a dirección de grupo da función centralizada? Pódense engadir as persianas a esta dirección de grupo? Programar esta dirección de grupo coas persianas incluídas e comprobar que ocorre?
- Anotar que ocorre cun telegrama *on* (1) nunha luz e nunha persiana (pódese comprobar a través do monitor de grupos). Explicar o comportamento das persianas cando se pulsa sobre a función de centralización de persianas.